

O MODELO DE TRANSPORTE A DEBATE CONSECUENCIAS SOCIAIS E AMBIENTAIS

LUGO, 11 e 12 de Maio

(Información: ADEGA,
Tel. e Fax: 981-570099)

Sob o título de " O MODELO DE TRANSPORTE A DEBATE: CONSECUENCIAS AMBIENTAIS E SOCIAIS", ADEGA plantea-se contribuir a incrementar a conciencia da sociedade galega sobre o grave impacto ambiental de tipo local e planetario que o actual modelo de transporte conleva: impacto paisaxístico, erosión e deterioro dos recursos hídricos, ocupación do solo e perda de terras fértils, degradación de ecoxistemas, contribución á extinción de especies, incremento das emisións contaminantes, efecto invernadeiro e cambio climático, consumo despillador de matérias primas non renovábeis, etc. Non se trata dun debate teórico, senón dalgo que nos atañe mui de perto: destrucción do Val do Neira, destrucción



das Pozas de Melón e das Fragas de Toén, amiaza sobre o Morrazo e a Enseada do Umia, sobre a Serra do Candán, sobre a serra dos Ancares e Caurel, etc.

Aliás destes aspectos, nestas Xornadas pretende-se afondar na outra cara desta mesma moeda: o debate sobre uns meios de transporte adecuados ás necesidades sociais e económicas do país, respectando os límites ambientais, e adaptando-se ás características naturais e poboacionais galegas; ou o peso do transporte nas economias actuais: transporte e desenvolvimento.

Prestará-se atención ás alternativas ao modelo de transporte hoxe predominante, especialmente ao potenciamento dos camiños de ferro, e ao enfoque da educación ambiental como ferramenta imprescindible para unha solución real e sustentábel ao problema do tránsito. ■



PROGRAMA

Conferenciantes convidados e temas:

Manuel Soto Castiñeira

Secretario Xeral de ADEGA, Profesor Titular de Enxeñería Química na Universidade da Coruña.

"O IMPACTO AMBIENTAL DOS PROXECTOS DE INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE NA GALIZA"

Joam Carmona Badia

Catedrático de História da Economía, Universidade de Santiago de Compostela.

"TRANSPORTE E DESENVOLVIMENTO ECONOMICO"

Fernando Nevot

Consultor ambiental, Madrid.
"A RECONVERSÃO ECOLOGICA DO TRANSPORTE NO ESTADO ESPAÑOL" (Avaliación dos costes externos das diferentes modalidades de transporte).

Pedro Alonso

Licenciado en Bioloxía. Consultor Ambiental, Vigo.
"ESTUDOS DE IMPACTO AMBIENTAL DE AUTOVIAS, AUTOESTRADAS E VIAS RAPIDAS"

Luis Pérez González

Membro do taller de Educación Ambiental do ICE, Universidade de Santiago de Compostela. Impulsor da Plataforma en contra da Via Rápida do Morrazo.

"A EDUCACIÓN AMBIENTAL NO TRABALLO POR UN MODELO SUSTENTABLE DE TRANSPORTE: UNHA EXPERIENCIA CONCRETA"

MESA REDONDA: MOPTMA, Xunta de Galicia, Mesa Galega polos Camiños de Ferro, Amigos do Ferrocarril, Colectivos de Afectados por Infraestructuras de Transporte.

"PREVENCIÓN AMBIENTAL E ALTERNATIVAS DE TRANSPORTE NA GALIZA"

EXPOSICIÓN: "TRANSPORTE E MEIO AMBIENTE NA GALIZA"

ROTEIRO: "VISITA AO VAL DO NEIRA E AOS ANCARES"